

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

“MOTEROS SOLIDARIOS GALICIA” DOARÁN SANGUE EN OURENSE PARA SALIENTAR A IMPORTANCIA DA PARTICIPACIÓN NAS CAMPAÑAS DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

- *Preto dunha vintena de membros desta asociación acudirán o sábado 19 de novembro ata a unidade móbil que estará no ourensán Barrio do Vinteún das 10:00 ás 15:00 horas*
- *ADOS salienta que a colaboración de colectivos de todos os ámbitos sociais contribúe a sementar unha conciencia solidaria proclive á doazón de sangue*

Santiago, 18 de novembro do 2016.- A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) agradece a “Moters Solidarios Galicia” a súa colaboración na campaña de doazón que o sábado 19 de novembro, levará unha unidade móbil ata o ourensán Barrio do Vinteún. A partir das 12:00 horas, preto dunha vintena de membros de “Moters Solidarios Galicia” achegaranse ata a unidade móbil de ADOS para doar sangue, como xeito de por en valor o papel de centos de cidadáns que, diariamente, realizan este xesto solidario.

Así mesmo, a unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue abrirá as súas portas ás 10:00 ata ás 15:00 horas, intentando conquistar a participación do maior número de cidadáns.

Nas xornadas previas ao desenvolvemento desta campaña en colaboración con “Moters Solidarios Galicia”, que partiu da propia asociación, moi activa na realización de iniciativas de especial sensibilidade social, os seus membros puideron recibir información sobre a doazón e distribuíron material informativo dando conta desta visita.

Sincero agradecemento

ADOS quere amosar o seu recoñecemento a “Moters Solidarios Galicia” polo desenvolvemento desta iniciativa, xa que a implicación de colectivos procedentes dos máis diversos ámbitos da nosa sociedade, contribúe a materializar un obxectivo prioritario: acadar unha conciencia solidaria que sexa favorable á doazón de sangue.

Ademais, estas colaboracións permiten por de manifesto o papel xeneroso e solidario de centos de cidadáns anónimos que todos os días contribúen, coa súa doazón, á recuperación de miles de enfermos que non teñen outro xeito posible de obter os compoñentes sanguíneos vitais no seu tratamento.

Neste sentido, ADOS convida a todos os cidadáns e colectivos galegos a participar nas mesmas. Para iso pon a disposición da cidadanía a súa páxina web, ados.sergas.es; o enderezo de correo electrónico, doadoressangue.ados@sergas.es; o teléfono de información gratuíto; 900 100 828; e as súas páxinas nas redes sociais como xeito de comunicarse con ADOS ou resolver calquera dúbida relacionada coa doazón.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE